

# Sesión música infantil do 8 ao 12 de xuño

Se tedes calquera dúbida ou queredes compartir algunha actividade aquí vos deixo un correo de contacto [musicacrapontedapedra@gmail.com](mailto:musicacrapontedapedra@gmail.com)

## 1º Audición de [Peixiños do mar](#) de Magin Blanco

**-Comezamos a sesión cunha canción que nos fala do mar, xa que este luns 8 de xuño se celebra o día internacional dos oceanos.** Gustouche a canción? Por que si/non? Que animais mariños lembrás? Que cousas podemos facer para coidar o mar e os oceanos?

-Aquí vos deixo o enlace ó tema orixinal de Magin Blanco dos [Peixiños do mar](#) por se quedastes con ganas de bailar.

## 2º O ritmo dos zapatos!

-Buscamos pola casa unha parella de zapatos ou zapatillas e facemos a seguinte actividade: [Música e movemento con zapatos](#). É moi sinxelo, só temos que imitar o ritmo que fan coas zapatillas no vídeo. **Aproveito para deixarvos o enlace á canle de youtube de [María José Sánchez Parra](#), onde poderedes atopar excelentes propostas musicais para nenas e nenos.**

## 3º Bailamos [Catro vellos mariñeiros](#), canción tradicional galega versionada por [Uxía Lambona e a Banda Molona](#).

-Esta canción tradicional galega, igual que outras moitas, está dividida en 2 partes ben diferentes. Unha parte correspóndese co retrouso, sempre é igual, neste caso cando cantan **“Ai lalelo, ai lalalelo. Ai lalelo, ai lalalalá”**. A outra parte é a das coplas, a letra é diferente en cada unha. Nesta canción ademais diferéncianse moi ben por que o ritmo e a intensidade son distintas, lento e suave nas coplas e forte e rápido no retrouso.

-Facemos no chan un círculo/cadrado onde a nena ou o neno colla ben e poida moverse e bailar. Podemos facelo pintándoo, cunha corda, cun aro, etc... Reproducimos a canción e bailamos adaptando os nosos movementos ao ritmo e á intensidade. Cando cantan as coplas temos que bailar suave e lento dentro do círculo/cadrado. Cando cantan o retrouso (ai lalelo...) temos que bailar brincando e saltando por todo o espazo. A bailar!!

## 4º RETO DA SEMANA!!

-Esta semana imos experimentar co son: [o son dos patos](#). Unha vez feito o experimento podemos aproveitar os materiais que xa temos e empregando outro vaso de plástico construír un [teléfono de vasos](#).